

## **ORDENANZA FISCAL Nº 7**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ENTULLOS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS**

#### **Artigo 1º.- Fundamento Legal**

No uso das facultades concediadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa de utilización privativa ou aproveitamento especial de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, que se especifica no artigo 6 desta ordenanza.

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria a favor dos cales se outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se é que se vai a proceder sen a autorización correspondente.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que contribúan a acometela.

Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria a favor dos que se outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se é que se vai proceder sen autorización correspondente.

No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

Os administradores de persoas xurídicas que non van a realizar os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cesamento.

A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

As taxas liquidadas a persoas físicas e xurídicas que solicitaran a licenza para gozar dos aproveitamentos especiais no exercicio de explotacións e actividades económicas, poderán esixirse ás persoas que sucedan ó debedor no exercicio da actividade económica.

O interesado que pretenda adquirir a titularidade da actividade económica, previa conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello a certificación das débedas por taxas dimanentes do exercicio da explotación citada. Caso que a certificación fose negativa, o solicitante quedará exento de responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

#### **Artigo 5º.- Beneficios fiscais**

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento da taxa cando soliciten licenza para a ocupación dun local de uso público cos materiais descritos no artigo 1º necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploren directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

#### **Artigo 6º.- Cota tributaria**

1. A cota a satisfacer por esta taxa obtense da aplicación das tarifas contidas nos apartados seguintes:

##### **Tarifa primeira. Ocupación da vía pública con mercadorías**

1. Ocupación ou reserva especial de vía pública ou terreos de uso público que fagan os industriais con materiais ou produtos da industria ou comercio a que dedique a súa actividade, incluso os vagóns ou vagonetas metálicas denominadas “containers”, por mes e m2 ou fracción ..... 10,054933 € (1.673 pts.)

2. Ocupación ou reserva especial e transitoria da vía pública, por mes e metro cadrado ..... 3,630113 € (604 pts.)

##### **Tarifa segunda. Ocupación con materiais de construción**

Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con cascallos, materiais de construción, vagóns para a súa recollida ou depósito e outros aproveitamentos análogos:

· Por metro ou fracción ao mes:

En rúas de 1n categoría ZONA A ..... 10,054933 € (1.673 pts.)  
En rúas de 2n categoría ZONA B, N e R ..... 3,630113 € (604 pts.)

### **Tarifa terceira. Valos, puntais, asnillas, estadas, etc.**

1. Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con valos, caixóns de cerramento, sexan ou non para obras e outras instalacións análogas:

· Por metro cadrado ou fracción, ao mes:

En rúas de 1n categoría ZONA A ..... 2,512231 € (418 pts.)  
En rúas de 2n categoría ZONA B, N e R ..... 0,901518 € (150 pts.)

2. Ocupación da vía público ou terreos de uso público con puntais, asnillas, estadas e outros elementos análogos:

· Por cada elemento e mes:

En rúas de 1n categoría ZONA A .....10,054933 € (1.673 pts.)  
En rúas de 2n categoría ZONA B, N e R ..... 3,630113 € (604 pts.)

### 2. Normas particulares de aplicación das tarifas:

a) As contías que resulten de aplicar a tarifa segunda terán un recargo do 50 por cento a partir do terceiro mes e no caso de que, cando finalicen as obras, os aproveitamentos continúen, as cantidades terán un recargo dun 100 por cento.

b) As contías que resulten de aplicar a tarifa terceira terán os recargos seguintes a partir do terceiro mes dende a súa instalación ou concesión: durante o segundo trimestre, un 25 por cento, durante o terceiro trimestre, un 50 por cento e en cada trimestre, a partir do terceiro, un 100 por cento.

c) A ocupación con vagonetas para a recollida ou depósito de cascallos e materiais de construción liquidarase polos dereitos fixados nas rúas de primeira categoría.

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial levase consigo a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que haxa lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación de tales desperfectos e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello entidade será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe dos desperfectos e o depósito previo do seu importe.

Non se poderá condoar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

### **Artigo 7º.- Devengo**

A taxa devengarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, momento que, para estes efectos, se entende que coincide co de concesión da licenza, se a mesma fora solicitada.

Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para proceder á autorización do aproveitamento especial mencionado.

Cando se produciu o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo da taxa que teña lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

### **Artigo 8º.- Período impositivo**

O período impositivo é o tempo durante o cal se efectuou o goce do aproveitamento especial.

### **Artigo 9º.- Réxime de declaración e de ingresos**

As contías esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán aplicables polos períodos naturais de tempo sinalados nos epígrafes respectivos.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza terán que solicitar previamente a licenza correspondente, e formular unha declaración onde se faga constar a superficie do aproveitamento. Acompañarase un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación no municipio.

Os servizos técnicos municipais comprobarán as declaracións que formularon os interesados, e as autorizacións concederanse se non se atopan diferencias coas peticións de licenzas, se non as houbera, estas notificaranse aos interesados e xiraranse, se é o caso, as liquidacións complementarias que procedan.

No caso que as autorizacións se deneguen, os interesados poderán solicitar a devolución do importe ingresado.

Os ingresos da cota liquidada poderanse facer en calquera das entidades colaboradoras mediante o recibo que se expedirá polos servizos municipais competentes.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal derroga a Ordenanza Fiscal Nº 7, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, aprobada polo Pleno de data 6 de xuño de 1996. Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**DILIXENCIA.-** A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello de Val do Dubra o día \*\* de \*\*\* de 1998.

O ALCALDE.

O SECRETARIO.